CENTRO DE FORMACIÓN "A AIXOLA"

1. XUSTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE NO CENTRO DE FORMACIÓN "A AIXOLA"

Neste ano 2007, o Centro Formación "A Aixola" cumpre 10 anos como centro formativo e segue cumprindo co seu compromiso de facilitar formación e información aos profesionais do sector marítimo-pesqueiro.
Dentro da nosa oferta formativa sempre mantivemos tres campos de actuación:

- Traballadores de nova incorporación ao sector.
- Traballadores xa existentes que queren obter unha maior cualificación e reciclaxe no seu propio posto de traballo.
- Empresas do sector que demandan cada día máis profesionais e mellor formados.

A oferta formativa foise incrementando ao longo deste tempo, adaptándose a novas necesidades e a cambios do propio sector.
Mantivemos cursos propostos nas súas orixes:

- Modelador de poliéster
- Laminador de poliéster
- Carpintería de ribeira
- Redeiro
- Velería

Todos eles foron adaptados ás necesidades do mercado laboral actual, o que nos levou a modificar, en determinadas ocasións, o programa destes cursos para adaptalos á oferta existente. Este é o caso de carpintería de ribeira e de velería, na primeira ademais de formar ao alumno en carpintería tradicional, tamén se lle instrúe en novas tecnoloxías de traballo coa madeira. En velería fórmase ao alumno para que saiba traballar con velas tradicionais e cos novos tecidos e patróns empregados na confección das velas deportivas actuais.
Tamén se puxeron en marcha tres novos cursos:

- Reparacións polivalentes.
- Reparación de embarcacións neumáticas.
- Manipulación de polietileno e polipropileno en buques de pesca e acuicultura.

Estes novos cursos, do mesmo xeito que os que habitualmente realizamos, tratan de cubrir necesidades que detectáramos no sector. Por unha banda, a proliferación de embarcacións deportivas fai necesaria a figura do reparador

polivalente; este é un profesional que ten coñecementos de reparación de embarcacións en fibra de vidro, coñecementos para poder reparar velas e parchear ou solventar problemas nas neumáticas. Doutra banda, observouse que o número de empresas que reparan neumáticas, boias e traxes de neopreno é insuficiente con respecto á demanda existente, é por iso que o curso de reparación de embarcacións neumáticas trata de formar a profesionais que cubran esta demanda. Co curso de manipulación de polietileno e polipropileno tratamos de formar aos alumnos para o manexo destes novos materiais que están entrando con forza no noso sector e que se caracterizan polas súas propiedades idóneas para o manexo alimentario. O recubrimento das bodegas dos barcos de pesca, todo o sistema de tuberías e tanques realízase actualmente neste novo material, ata estamos asistindo a un crecemento no número de gaiolas e instalacións de acuicultura que son realizadas maioritariamente con este producto.

Non debemos esquecer que en toda a formación que se imparte no centro, existe sempre un compoñente de I+D xa que non queremos basearnos únicamente no existente, senón evolucionar e investigar novos materiais e formas de traballo que beneficien o noso sector. Tanto a nivel operativo, como o noso sistema de extracción de vapores orgánicos que funciona automáticamente a través de detectores de estireno, curado de pezas con raios infravermellos. Como a nivel constructivo, como o caso de carpintería de ribeira coa construcción, mediante a técnica de listoncillos con eucalipto branco e resinas epoxi, de distintos modelos de embarcacións. Tamén se investiga en novos materiais e dispositivos de acuicultura que son empregados polos centros de cultivos mariños que dependen da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Neste sentido investíganse deseños e novos materiais que sería prácticamente imposible, ou resultaría excesivamente caro, encargar ás empresas dedicadas á construcción, destes dispositivos xa que non é doado parar a producción para realizar investigación e aí é onde entramos nós xa que podemos investigar sen deixar de formar.

Nos dous últimos anos e dada a demanda por parte dos nosos alumnos de crear as súas propias empresas, incorporouse á formación en Aixola o Módulo Ocupacional de Creación de Empresas (MOCE) que forma e informa aos alumnos interesados nos mecanismos e requisitos necesarios para crear a súa

propia empresa. Dentro deste módulo e na súa primeira incursión no noso centro, varios grupos de alumnos presentaron varios proxectos de empresa aos premios MOCE, que se organizaban para toda Galicia e para todos os sectores: un deles chegou a ser un dos 10 finalistas sobre 100 proxectos presentados. Na actualidade está traballando neste modelo de empresa. Un ano máis, o Centro de Formación "A Aixola" propón aumentar a súa oferta formativa con máis especialidades. Este aumento de especialidades está precedido pola detección das mesmas nas empresas do sector. As novas especialidades propostas son:

- Empastador para a construcción naval.
- Elaboración e colocación de cubertas de madeira.
- Novas técnicas de traballo en madeira.
- Carpintería náutica e poliéster.
- Mecánico instalador de embarcacións de poliester.
- Mantemento de gaiolas mariñas (estructural e de redes de acuicultura).

O abanico de actuación seguirá sendo moi amplo, tratando de abarcar todos os colectivos de traballadores e sempre co lema de impartir ***"a mellor formación polos mellores profesionais"***.

1.1. XUSTIFICACIÓN LABORAL

Todo o anteriormente exposto non tería valor por se só se non o acompañamos de datos de inserción laboral.

Para facernos unha idea, só reflectiremos as empresas e os postos de traballo ofertados polas mesmas deste último ano, aínda que temos constancia de que outros alumnos incorporáronse ao mercado laboral a través de empresas que non contactaron co centro e outros montaron a súa propia empresa.

DATA SOLICITUDE	PERFIL SOLICITADO
08/03/2006	- TODOS OS PERFÍS IMPARTIDOS NO CENTRO
25/04/2006	- MODELADORES DE POLIESTER. - LAMINADORES DE POLIESTER
31/05/2006	- MODELADORES E LAMINADORES DE POLIESTER. - REPARACIÓNS POLIVALENTES. - CARPINTERÍA DE RIBEIRA. - VELERIA.
31/05/06	- MODELADORES E LAMINADORES DE POLIESTER. - VELERIA.
18/06/2006	- LAMINADORES DE POLIESTER
25/09/2006	- LAMINADORES DE POLIESTER NAVAL
02/10/2006	- MODELADORES DE POLIESTER.
04/10/2006	- CARPINTEIROS. - MONTADORES. - MODELADORES E LAMINADORES DE POLIESTER.
09/11/2006	- LAMINDORES DE POLIESTER. - MONTADORES CARPINTERÍA NAVAL.
13/11/2006	- MODELADORES E LAMINADORES DE POLIESTER.
19/12/2006	- MODELADORES E LAMINADORES DE POLIESTER.
09/01/2007	- MODELADORES E LAMINADORES DE POLIESTER. - EMPASTADORES.
02/03/2007	- CARPINTEROS DE RIBEIRA.

1.2. XUSTIFICACIÓN SOCIAL

A outra vertente, é a xustificación social da formación impartida no centro. Esta xustificación está baseada en tres alicerces:

- Recuperación do patrimonio marítimo.
- Colaboración con outras institucións públicas.
- Apoio a colectivos en risco de exclusión social.

Neste aspecto o centro apoia a entidades sen ánimo de lucro a manter o seu labor de recuperación do patrimonio marítimo e a través da colaboración e a formación dos alumnos, o centro recupera planos e documentos de embarcacións tradicionais das que en moitas ocasións apenas queda nada. Ademais así se incrementa o interese do alumno polo seu traballo. O poder ver como funciona unha vela dunha lancha xeiteira na propia embarcación é recompensa suficiente para quenes investiron tempo e esforzo na súa creación. O poder restaurar unha embarcación tradicional galega, da que só quedan vestixios, para vela de novo navegar ou gozala nun museo é un sentimento único para quenes interviñeron e para a nosa propia cultura.

Con ánimo de optimizar os cursos de reparacións, establécense colaboracións con diversas entidades públicas que nos ceden material defectuoso para a súa análise e mantemento. Deste xeito o alumno aprende sobre materiais de uso común no mundo laboral, colaborando no mantemento de bens de uso público. Así se estableceron colaboracións con: Inspección pesqueira, cruz vermella, protección civil, Universidade de Vigo.

A nivel social, non debemos esquecer a nosa colaboración na formación de internos da Cidade Infantil "Príncipe Felipe", así como do persoal enviado polo IGAXES-3 (Instituto Galego de Xestión para o 3º sector) que a través do Programa Mentor (www.pmentor.org) forma e insere laboralmente a menores en risco de exclusión. Este último labor, tamén se levou a cabo con internos do Avelino Montero de Pontevedra.

Tamén se incide na inclusión de mulleres en ambientes laborais tradicionalmente masculinos. A través da oferta sistemática de todas as formacións, a todas as persoas que solicitan información dalgún dos cursos, conseguiuse incorporar progresivamente ás mulleres nos sectores nos que estaban menos representadas. Deste xeito, moitas empresas puideron descubrir as vantaxes dos cadros mixtos de traballadores. Aixola como

intermediador contribuíu así a eliminar unha das moitas barreiras para conseguir a igualdade de oportunidades

Todas estas funcións dannos unha idea da importancia da formación impartida no centro, que fai que sexa recoñecido xa non só en Galicia senón tamén fora dela, isto corrobórao o feito de que na visita realizada o día un de decembro de 2006(*) polos profesionais e gurús da carpintería de ribeira doutras zonas de España, Cataluña, Illas Baleares, País Vasco e doutros países, Portugal, Francia e Noruega. Quedáronse admirados do noso traballo e a forma de impartir a formación no noso centro.

Todos estes datos están descritos, de forma máis pormenorizada, nas memorias que o propio centro realiza todos os anos, de onde se poden obter datos do número de alumnos formados e das horas lectivas que xestiona o Centro Formación Aixola.

ANO	Nº DE CURSOS	Nº DE ALUMNOS	Nº DE HORAS LECTIVAS
2004	**43**	**724**	**4996**
2005	**48**	**705**	**5110**

(*) Proxecto "Carpintería de Ribeira. Estrategias Innovadoras" da fundación Biodiversidade

2. XUSTIFICACIÓN PARA O POLIESTER(*)

(*) Extraído da introducción do manual de poliéster elaborado por D. Xosé Lois Pazos Campos. Comunicación persoal.

A invasión industrial do plástico afectou de forma espectacular e revolucionaria á construcción naval de embarcacións menores e moi especialmente á de embarcacións de lecer e deportivas, campo pioneiro e adiantado na procura de emprego de novos materiais e técnicas constructivas.

Cara aos anos trinta, descubríronse uns tipos de materiais plásticos, coñecidos como resinas sintéticas, de excelente comportamento químico e notables propiedades aglomerantes e mecánicas.

Pronto xurdiu a súa aplicación como elemento capaz de ofrecer soporte ríxido a combinacións textiles de fibras naturais ou artificiais de forma que se podían combinar as propiedades mecánicas de ambos integrantes en pezas que conseguían beneficios ao mellorar as calidades de ambos. Como elemento de armado impuxéronse as fibras de vidro polas súas altas calidades mecánicas e moi recientemente fibras de grafito e carbono. Unha das principais vantaxes destes productos é a súa facilidade de construcción por impregnación dos tecidos con resina en estado líquido que endurece pola adición de productos catalizadores e acelerantes ata conseguir un curado químicamente estable do producto final.

A facilidade de aplicación, a boa adaptación a formas complexas, o acabado final da estructura, a boa resistencia mecánica, e a inalterabilidade química, fixeron espertar a atención dos arquitectos e industriais navais que comezaron a realizar experiencias con embarcacións deportivas a mediados dos anos corenta. Nos anos cincuenta puxéronse a punto as técnicas de moldes aptos á construcción naval, á vez que se ía adquirindo experiencia, con unidades en servizo, do comportamento mecánico e funcional dos novos materiais.

O poliéster fixo posible a fabricación en serie, con métodos modernos, o que trouxo como consecuencia a posibilidade de acceso ao deporte náutico das clases medias, comezando nos anos sesenta o "boom" mundial da industria náutica.

Nos anos setenta asistimos a unha depuración das técnicas e ao coñecemento xeral das propiedades mecánicas do poliéster, que se aplica con todo o seu potencial constructivo, iniciándose a revolución no deseño estructural cara aos "superlixeiros".

A influencia desta tendencia nos deseños foi espectacular, en formas, aparellos, equipos e prestacións, podendo dicirse que a construcción en poliéster foi e segue sendo o motor do progreso, como no seu día o foron o aceiro e a máquina de vapor na navegación comercial. Aparte do campo deportivo, o poliéster comezou a entrar no campo das embarcacións de maior porte. Na industria pesqueira, o primeiro barco de poliéster construíuse en 1960 en Africa do Sur. Na actualidade o mercado ofrece pesqueiros en poliéster ata de 55m de eslora, sendo moi marcada a tendencia cara a este material polas súas vantaxes de lixeireza e mantemento. As mariñas de guerra tamén adoptaron o poliéster nas súas unidades lixeiras de vixiancia e dragaminas, onde o resultado foi óptimo en canto a operatividade, mantemento e vida útil.

2.1. CURSO DE LAMINADOR DE POLIESTER

- Actual demanda de profesionais desta especialidade por parte dos estaleiros.
- A ausencia de centros de formación específicos nesta especialidade na nosa comunidade autónoma.
- A especialización conséguese en pouco tempo e non require unha especial habilidade por parte do persoal formado, isto convérteo nunha disciplina atractiva para os traballadores do sector pesqueiro que buscan recolocación dentro do propio sector pero en terra.
- Por estar o centro "A Aixola" situado no porto de Marín, con estaleiros dedicados á construcción e reparación de barcos.

2.2. CURSO DE EMPASTADOR PARA A CONSTRUCCIÓN NAVAL.

- A forte potencialidade desta actividade a curto e medio prazo nos estaleiros galegos: Dado o aumento na construcción de megayates, cada vez faise máis necesaria a incorporación de profesionais formados como empastadores.
- A ausencia de centros de formación específicos nesta especialidade na nosa comunidade autónoma.
- A especialización conséguese en pouco tempo e non require unha especial habilidade por parte do persoal formado, isto convérteo nunha disciplina atractiva para os traballadores do sector pesqueiro que buscan recolocación dentro do propio sector pero en terra.
- Por estar o centro "A Aixola" situado no porto de Marín, con estaleiros dedicados á construcción e reparación de barcos.

2.3. CURSO DE MODELADOR LAMINADOR DE POLIESTER.

- Actual demanda de profesionais desta especialidade por parte dos estaleiros.
- A ausencia de centros de formación específicos nesta especialidade na nosa comunidade autónoma e no Estado español.
- Esta disciplina crea a verdadeiros especialistas que se forman no detalle e dos que se require un punto de habilidade manual importante.
- Por estar o centro "A Aixola" situado no porto de Marín, con estaleiros dedicados á construcción e reparación de barcos.

3. XUSTIFICACIÓN PARA A MADEIRA.(*)

(*) Extraído do Estudo "Carpintería de Ribeira: Renovación tecnológica, respeto medioambiental y formación". Realizado para o proxecto "Carpintería de Ribeira. Estrategias Innovadoras" da fundación Biodiversidade.(www.carpinteriaderibeira.org)

En Galicia, principal autonomía pesqueira do Estado español e a que históricamente contou con maior número de buques construídos en madeira debido á súa importante riqueza forestal, o sector de carpintería de ribeira foi punteiro en relación ao resto das rexións marítimas españolas e chegou a contar con centenares de pequenas unidades productivas diseminadas por todas as rias, empregando a numerosos traballadores. As flotas pesqueira e a empregada na acuicultura construídas en madeira, seguen sendo maioritarias no que respecta ao número de barcos e tripulacións enroladas, como queda acreditado nos Censos elaborados pola Xunta de Galicia para os anos 1994, 2000 e 2006. No entanto, a carpintería de ribeira é ao día de hoxe un sector en declive acelerado, cun alto grado de envellecemento do persoal cualificado empregado nas PEMEs que o compoñen; un sector, en suma, lastrado pola crise da pesca litoral e artesanal, pola competencia da construcción naval noutros materiais (aceiro, fibra), así como por un certo atraso tecnolóxico e un incuestionable déficit na xestión empresarial e na formación do persoal empregado (FAECRG; 1996).

En calquera caso, é preciso enfocar o declive da carpintería de ribeira galega dentro dun contexto xeográfico español e europeo máis amplo, no que tamén se presentan problemas estructurais semellantes e no que se chegou se cabe a unha situación do sector aínda máis grave (referente ao País Vasco, Portugal e Francia, respectivamente), de maneira que os 25 estaleiros e os 47 obradoiros de carpintería de ribeira que existían en Galicia no ano 1995 e que empregaban en torno a 450 traballadores na súa inmensa maioría masculinos, aínda representaban naquel momento a maior concentración da construcción naval en madeira de todo o litoral español.

A carpintería de ribeira galega reclama con urxencia unha modernización do sector, unha diversificación da producción atendendo á crecente demanda da náutica deportiva, de lecer e tradicional, así como a renovación tecnolóxica e un investimento en I+D e en Formación que supere a transmisión oral de saberes e técnicas de traballo e os perxuizos de xénero, para continuar persistindo non só como patrimonio histórico e cultural impedindo a

desaparición dun oficio con indubidable raizame identitaria, senón tamén como actividade artesanal vinculada ao "negocio marítimo" e, polo tanto, xeradora de riqueza e de postos de traballo nas poboacións costeiras.

Neste apartado, é preciso ter en conta referentes en positivo dentro do ámbito europeo como son os casos de Noruega e Francia, países nos que a difusión de novas técnicas para o traballo da madeira, sumado ao apoio que prestaron as respectivas Administracións a distintas experiencias formativas e á masiva recuperación de barcos considerados de interese patrimonial, posibilitaron a continuidade e dinamismo da carpintería de ribeira ao servizo non só dunha actividade pesqueira en declive, senón tamén dunha náutica de lecer en plena expansión e de numerosas iniciativas de carácter sociocultural, turístico e medioambiental.

Neste sentido, e como suministradora de productos elaborados en boa medida a partir de materiais naturais, o sector da carpintería de ribeira en Galicia conta cun diferencial ecolóxico ao seu favor se a comparamos coa construcción naval baseada noutros materiais metálicos ou sintéticos, respondendo así aos recentes cambios en hábitos de consumo cara a productos de calidade e naturais, a condición de que incremente os controis de calidade tanto dos materiais empregados como da produción final e mellore de xeito substancial a súa avaliación medioambiental. Para iso, é importante introducir na Formación a Educación Ambiental como materia transversal.

Finalmente, a carpintería de ribeira, que foi sistemáticamente obviada en todo tipo de estudos e planeamentos socioeconómicos e culturais, debería ser considerada como unha actividade máis entre as que están presentes na franxa costeira, para así podela incluír na Xestión Integrada do Litoral suscitada pola Comisión Europea mediante Resolución aprobada en febreiro de 2001, e que pretende impulsar programas de xestión sostible de espacios e recursos, coordinando todas as políticas e institucións que inflúen nas zonas costeiras.

3.1. CURSO DE ELABORACIÓN E COLOCACIÓN DE CUBERTAS DE MADEIRA.

Este curso ten unha demanda real a día de hoxe baseada en:

- Necesidade constatada de profesionais con este perfil específico, transmitida desde diversos estaleiros
- Especialización e tecnificación nesta especialidade que favorece o autoemprego.
- A forte potencialidade desta actividade a curto e medio prazo nos estaleiros galegos.
- A ausencia de centros de formación específicos nesta especialidade na nosa comunidade autónoma.
- Por estar o centro "A Aixola" situado no porto de Marín, con estaleiros dedicados á construcción e reparación de barcos.

3.2. CURSO DE CARPINTERIA DE RIBEIRA.

Este curso está especificamente xustificado en base a:

- Utilización de técnicas tradicionais e novas tecnoloxias para a construcción naval, demandadas polo propio sector.
- Utilización de material autoctono, ecolóxico e de crecemento sostible, con pouco custo enerxético.
- Existencia de mercado na recuperación de embarcacións tradicionais, sector industrial e de pesca. Gran potencialidade de mercado na náutica de lecer.
- A ausencia de centros de formación específicos e o declive deste sector, abocaron á falta de substitución xeracional. Ao tratarse dun oficio de eminente transmisión oral, esta situación podería levalo á súa desaparición ou á perda dunha gran parte do noso patrimonio.
- A elaboración de barcos para a pesca costeira, dentro do crecemento sostible tradicional, apoiado polo FEP.
- Actividade limpa, xeradora de productos e residuos reciclables.
- Posibilidade de elaboración de productos diferenciados, con valor engadido e valor cultural.

Construcción dunha embarcación tradicional con novas técnicas

3.3. CURSO DE NOVAS TÉCNICAS DE TRABALLO EN MADEIRA.

A súa xustificación está baseada en:

- Facilidade de elaboración fronte aos sistemas tradicionais.
- Facilidade de mantemento dos productos fronte aos sistemas de construcción tradicional.
- Maior facilidade de aprendizaxe nestas técnicas.
- Amplitude de aplicacións no sector.
- Forte potencialidade desta actividade a curto e medio prazo nos estaleiros galegos.
- A ausencia de centros de formación que impartan esta especialidade en Galicia.
- Por estar o centro "A Aixola" situado no porto de Marín, con estaleiros dedicados á construcción e reparación de barcos.

3.4. CURSO DE CARPINTERÍA NÁUTICA E POLIESTER.

A xustificación desta actividade baséase en:

- Existencia de demanda de profesionais cun perfil polivalente que constrúa e/ou repare as embarcacións, con coñecementos básicos do emprego das técnicas de poliéster, madeira e/ou combinadas.
- A existencia de gran número de embarcacións de lecer construídas nestes materiais coas súas necesidades de mantemento e reparacións.
- A oferta dunha formación base cun amplo abanico de posibilidades de posterior especialización ou adaptación a diversos postos de traballo.
- A ausencia de centros de formación específicos nesta especialidade en Galicia.
- Por estar o centro "A Aixola" situado no porto de Marín, con estaleiros dedicados á construcción e reparación de barcos.

4. XUSTIFICACIÓN PARA OS CURSOS RELACIONADOS COA NÁUTICA DEPORTIVA E AUXILIARES.

A demanda de profesionais no sector náutico pesqueiro e náutico-deportivo estase incrementando notablemente debido á escaseza dos mesmos na actualidade e ao auxe de empresas relacionadas co sector, que necesitan traballadores cualificados.

O Centro Formación "A Aixola" é un centro innovador na formación de profesionais no sector náutico a nivel Galicia e do Estado español, equiparándonos a outros países europeos como Francia e Irlanda, que teñen unha importante cultura marítima; e como tal é conveniente seguir ofertando estes servizos á sociedade.

Coa experiencia que levamos nestes poucos anos, comprobamos que parte dos alumnos optan por montar a súa propia empresa, debido a que noutras partes de Galicia aínda non se instaurou este tipo de empresas. E en zonas nas que este sector xa se introduciu, son necesarios máis profesionais.

O gran éxito dos cursos confírmase co feito de que moitos alumnos teñen interese en facelos de novo para ampliar a súa formación, debido a que o curso fáiselles curto.

Estes cursos axudan á recuperación do patrimonio marítimo xa que se traballa na reproducción e creación de planos.

5. CURSO DE VELERÍA.

Esta actividade xustifícase en base a:

- Demanda por parte das empresas do sector.
- Existencia de mercado no sector da velería industrial.
- O sector da náutica deportiva ofrece un potencial para absorber traballadores autónomos.
- A ausencia de centros de formación específicos nesta especialidade na nosa Comunidade Autónoma.

6. CURSO DE REPARACIÓNS DE POLIVALENTES.

- Gran potencial como xerador de emprego local especialmente na súa vertente de autoemprego.
- A ausencia de centros de formación específicos nesta especialidade na nosa Comunidade Autónoma.
- Por estar o centro "A Aixola" situado no porto de Marín, con estaleiros dedicados á construcción e reparación de barcos.
- Este curso aumenta considerablemente a empleabilidade dos alumnos formados dada o seu gran polivalencia.
- Aumento da demanda de servizos de reparacións polivalentes, especialmente no sector da náutica deportiva.
- Inexistencia de empresas dedicadas á reparación polivalente (velas, neumáticas, poliéster).

MARI

7. CURSO DE REPARACION DE EMBARCACIÓNS NEUMÁTICAS.

Actividade baseada en:

- Gran potencial como xerador de emprego, especialmente na súa vertente de autoemprego.
- Escasísimo número de empresas dedicadas á reparación e mantemento de lanchas neumáticas.
- Aumento da demanda de servizos de reparacións neumáticas tanto en náutica como en pesca, salvamento, etc.
- A ausencia de centros de formación específicos nesta especialidade na nosa Comunidade Autónoma.
- Por estar o centro "A Aixola" situado no porto de Marín, con estaleiros dedicados á construcción e reparación de barcos.

8. CURSO DE MECÁNICO INSTALADOR EN EMBARCACIÓNS DE POLIESTER.

A presentación desta actividade baséase en:

- Toda embarcación necesita a montaxe do motor e doutros dispositivos por profesionais debidamente formados.
- Existe unha demanda deste perfil profesional para todo tipo de embarcacións.
- A ausencia de centros de formación específicos nesta especialidade en Galicia.
- Por estar o centro "A Aixola" situado no porto de Marín, con estaleiros dedicados á construcción e reparación de barcos.
- Para unha optimización do taller mecánico existente en Aixola, actualmente empregado pola CPAM para a realización de prácticas dos módulos de máquinas dos cursos de Patrón Costeiro Polivalente e Patrón Local de Pesca, taller homologado para tal fin e que está sendo utilizado só en horario de tardes.

9. CURSO DE CONSTRUCCIÓN E REPARACIÓN DE REDES E APARELLOS DE PESCA.

A xustificación deste curso baséase en garantir a substitución Xeracional, buscar novas saídas profesionais e a dignificación dunha profesión que tende a ter cada vez traballadores con máis idade. O desenvolvemento da devandita profesión require un gran dominio e práctica, que se consegue con tempo e dedicación e a présa do traballo non lles permite pararse a formar a novos redeiros/as. Os cursos danlles aos que comezan uns coñecementos para desenvolver a profesión e aos traballadores en activo, unha ampliación da utilización das redes noutros sectores productivos. Ademais a marca distintiva destes cursos en relación con calquera outro neste campo, é que neles se aprende a interpretar planos e realizalos a partir das artes. Isto resulta de vital importancia nun sector que tradicionalmente transmitiu os seus coñecementos por vía oral.

10. XUSTIFICACIÓN PARA O POLIETILENO E POLIPROPILENO.

Mellora das condicións para o desenvolvemento sostible dos recursos mariños e, neste marco, mellora da eficiencia dos sectores da pesca, a acuicultura, a transformación dos productos pesqueiros e todas aquelas actividades directa ou indirectamente relacionadas co uso e a explotación do mar e os seus recursos, leva consigo o uso de novas tecnoloxías e materiais.

Dentro destes campos, a incorporación dos plásticos técnicos (polietileno e polipropileno) foi notable, tendo unha gran acollida.

Se temos en conta as características principais destes materiais como:

- Alta resistencia a elementos químicos e á corrosión.
- Pouco peso (densidade <1gr/cm3).
- Alta resistencia á abrasión.
- Fácilmente reemplazable: Require pouco mantemento.
- Comportamento antiadhesivo.
- Fisiolóxicamente inerte: Recomendado para estar en contacto con alimentos.
- Alta resistencia ao choque e capacidade de absorción do impacto.
- Absorción de auga despreciable.
- Excelentes propiedades para a reducción de ruídos e vibracións.

Actualmente a súa introducción e boa aceptación no mundo da pesca e a acuicultura plasmouse en:

Pesca:

- Fontanería naval para a instalación e acondicionamento de parques de pesca, pantanos, salmuera, auga doce e salgada, desaugues, baldeos, sanitarios, etc..., utilizando tubería de polietileno e polipropileno.
- Montaxe en bodegas de serretas, enxaretados, forrado de mamparos, acondicionamento de gambuzas, acondicionamento de pañois, etc.
- Fabricación de tanques e depósitos especiais, mesas de clasificación e accesorios para os parques de elaborado e pesca.

Acuicultura:

- Gaiolas flotantes.
- Emisarios submarinos.
- Tanques (larvarios, xuvenís, pre-engorde e outros).
- Depósitos isotérmos.
- Embarcacións.
- Pontonas de alimentación (silos flotantes).
- Mesas de clasificación e accesorios varios.

Hoxe en día os plásticos técnicos son o gran rival do aceiro inoxidable, tanto no prezo como no custo de mantemento e fabricación de pezas. O diagnóstico do sector auxiliar da pesca e da acuicultura revela a escaseza de persoal con formación na manipulación de plásticos técnicos, de aí a necesidade de formar a profesionais nestas técnicas.

10.1. CURSO DE MANTEMENTO DE GAIOLAS MARIÑAS.

A existencia cada vez maior no mercado, de novos productos empregados para a acuicultura, así como o crecemento de instalacións, fai necesaria a figura dun operario polivalente que coñeza e faga un mantemento integral de soldadura e cambio de pezas deterioradas, colocación e sustitución de redes deterioradas nas gaiolas. Para os traballadores deste sector supón unha ampliación dos seus coñecementos.

10.2. CURSO DE MANIPULADOR DE POLIETILENO E POLIPROPILENO EN BUQUES DE PESCA E ACUICULTURA.

A realización desta actividade baséase en:

- Necesidade de resolver as carencias detectadas no sector pesqueiro e de acuicultura, aportando persoal formado, adecuado ás necesidades do mercado laboral.
- Necesidade de formar a especialistas cos coñecementos teórico-prácticos necesarios para proceder á soldadura e manipulación de tuberías e planchas de polietileno e polipropileno de forma correcta, aplicado a instalacións en buques de pesca e acuicultura, procurando un correcto acabado do traballo e facendo especial fincapé na normativa de seguridade e saúde laboral.

- Cubrir a necesidade de deseñar e construír pezas con valor práctico para o sector da pesca e a acuicultura.

11. MÓDULO OCUPACIONAL DE CREACIÓN DE EMPRESAS (MOCE).

O MOCE (Módulo Ocupacional de Creación de Empresas) defínese como un proxecto dinámico e activo co obxectivo de facilitar información relevante e iniciar no ámbito de xestión empresarial a alumnos e alumnas de formación ocupacional.

Este curso ofértase a todos os alumnos de Aixola, participando só aquelas persoas máis interesadas na creación de empresas relacionadas coa disciplina na que se están formando. Deste xeito favorécese a interacción entre os alumnos máis dinámicos das diferentes disciplinas impartidas.

CENTRO DE FORMACIÓN
A AIXOLA
MARÍN

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Puerto de Marín

Autoridad Portuaria de Marín
y Ría de Pontevedra

CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR
FUNDACIÓN CETMAR